

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 21 de xullo de 2015 pola que se fai pública a relación de persoal docente que obtivo destino definitivo no proceso de adscrición regulado pola Orde do 8 de xuño de 2015, pola que se desenvolve o Decreto 50/2015, do 26 de marzo, polo que se crea un instituto de educación secundaria no concello de Culleredo.

Mediante o Decreto 50/2015, do 26 de marzo, créase o instituto de educación secundaria de Culleredo, por desagregación do IES Eduardo Blanco Amor da mesma localidade, con capacidade para 12 unidades de educación secundaria obrigatoria e 4 unidades de bacharelato. Este decreto é obxecto de desenvolvemento pola Orde do 8 de xuño de 2015 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 112, do 16 de xuño).

O artigo 6 da Orde do 8 de xuño de 2015 establece que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación do persoal docente que queda adscrito con carácter definitivo ao instituto de educación secundaria de Culleredo, código 15032935.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro. Facer pública, en aplicación do artigo 6 da Orde do 8 de xuño de 2015 e como anexo a esta orde, a relación de profesorado que obtén destino definitivo no instituto de educación secundaria de Culleredo, código 15032935.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 5 da Orde do 8 de xuño de 2015, o persoal funcionario docente, adscrito con carácter definitivo na presente orde, manterá, para todos os efectos de antigüidade no novo centro, a xerada no seu centro de orixe.

Terceiro. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, o persoal interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de



dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

DNI	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Corpo
76700509V	Fernández	Yáñez	Benxamín	Mestre
76399088B	Garrote	García	Mercedes	Mestre
32797858L	Vera	Domínguez	Carlos	Mestre
32768937D	Caamaño	Abeijón	Pilar	PES
76514279H	Fernández	Rodríguez	María Esther	PES
32812899H	Fraga	Rodríguez	Mónica	PES
76346910C	Loriga	Tomé	Rosa	PES
34942828D	Menéndez	Villalva	Alicia	PES
36063363F	Morenza	Blanco	Dolores	PES
34251747D	Tutor	Lemos	María del Carmen	PES

